

Asunto: *Alegacións ao Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Furacán de 56 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña. BOP A Coruña Número 161, 25 de agosto de 2021. Código do proxecto: PEol-349.*

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Furacán de 56 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña. BOP A Coruña Número 161, 25 de agosto de 2021. Código do proxecto: PEol-349, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

1.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2

1. *A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.*

2. *As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.*

“Artigo 6

1. *Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.*

2. *Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.*

3. *Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.*

2.- Impacto non contemplado sobre o oficializado Camiño de Santiago pola Ría de Muros-Noia.

O **Camiño de Santiago pola Ría de Muros-Noia** xa forma parte da Ruta Xacobeá Oficial dende o ano 2020, polo que conta cun grao de protección insoslaíble que se debe respectar, de modo que os usos permitidos sobre a traza son limitados e aparecen recollidos no art 77 da LPCG e no art 78 os usos prohibidos.¹ O trazado está directamente afectado polo PE proxectado:

¹ <http://hnorte.com/es/httpnorte-comwp-content/uploads/2021/01/img-20181127-wa0003-jpg/>

Nuevo Camino de Santiago

El nuevo tramo conforma un recorrido de 78,69 kilómetros entre Santiago y Muros, y salva un desnivel de 1.855 metros en total.



Fuente: elaboración propia.

EL PAÍS

O impacto visual, o ruído e o parpadeo de sombras afectaría de forma crítica o Camiño de Santiago e as súas áreas de influencia, condicionando a súa viabilidade como atractor turístico para toda a comarca. Ningún destes impactos é valorado. Deste modo, o proxecto tamén avalía incorrectamente o impacto sobre o turismo ao non ter en conta o trazado do Camiño de Santiago pola Ría de Muros-Noia, e ó xeodestino turístico Ría de Muros e Noia, Ría da Estrela, que conseguiu poñer en marcha e activar o seu ente de xestión grazas á colaboración entre o sector privado, representado pola Asociación Turística Comarcal Ría de Muros e Noia e os gobernos dos concellos que conforman este xeodestino: Muros, Noia, Outes, Lousame e Porto do Son.

O proxecto eólico tería unha grande afectación para as empresas turísticas da zona. O impacto visual e a problemática do ruído e as sombras afectarían directamente á afluencia de peregrinos e turistas aos establecementos dos lugares de paso do camiño e de todo o xeodestino coa conseguinte repercusión económica negativa. Por todos estes motivos a ubicación deste parque debe ser reconsiderada, para non poñer en perigo a viabilidade turística da comarca.

3.- Impactos ambientais severos.

Prexuízos irreparables do parque eólico para a Rede Natura 2000, a coherencia desta e a Paisaxe:

A poligonal do parque ocupa un total de 2.353 ha. A liña de evacuación prevé 71 apoios. A poligonal do parque eólico “Huracán” penetra dentro do ámbito do POL correspondente á comarca Rías Baixas-Sector Ría Muros e Noia- Unidade Canón do Tambre.

Destaca a presenza de numerosas Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), definidas no Catálogo das Paisaxes de Galicia aprobado pola Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, dentro da poligonal do parque e por tanto dentro da superficie afectada por este, sendo as máis próximas “Baixo Tambre” a 450 m ao noroeste do AE1, “San Xusto” a 1,5 km ao sur do AE3 e “Muíños do Viceso” a 3,5 km ao norte de AE6.

Ademais destas áreas, localízase á beira dos aerogeradores e dentro da poligonal do parque o espazo Rede Natura 2000 ZEC “Esteiro do Tambre” (ES1110011) a 950 m ao oeste do AE3, ou a ZEC “Sistema Interfluvial Ulla-Deza” (ES1140001) ao oeste do parque eólico. Estes espazos Rede Natura 2000 están así mesmo clasificados como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Manter a conectividade entre estes espazos e a coherencia da Rede Natura é fundamental consonte á normativa comunitaria.

Desde o aerogeradores AE1 e AE2 visualízase a desembocadura do Tambre e o fondo da ría de Muros e Noia con un impacto visual significativo e con acusado impacto na paisaxe.

Indica a merdantil promotora:

“Los afloramientos rocosos presentes en el área de estudio tienen un protagonismo medio con un alcance visual limitado. Los más importantes se localizan en las zonas de mayor altitud, como son el Monte do Castelo o a Pena do Ferro”.

Inzar eólicos en calquer lugar e de calquer forma, caian onde caian non obedece a unha transición ecolóxica xusta nin racional. O proxecto eólico afecta significativamente e causa prexuízos irreversibles ao Castelo de Luaña, Castelo de Nimo ou Castelo Miúdo na parroquia de Roo, en Noia. O parque eólico "Huracán" prevé muíños á escasos metros. Trataríase dunha fortificación romana ou, máis seguro, altomedieval. Escribe o experto Manuel Gago (doutor en CC. da Información pola Universidade de Santiago de Compostela, director de culturagalega.gal, o portal de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor asociado na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela) que:

"Ese cordal de montes está nun lugar espectacular, a famosa devesa de Nimo, un espeso bosque tradicional que sube polo río Tambre. Este castelo non pretendía observar o río, e non se situaba no extremo do cordal, senón observar o serpeante e espectacular devalar da ría de Muros, desde a Ponte Nafonso ata Monte Louro, escollendo para iso a mellor zona de penedos e perdendo visibilidade sobre a zona de Nimo e o río Tambre. Covas verticais cortadas a coitelo (de xeito natural), penedos labirínticos, rodean ao espazo arqueolóxico".

“Cazoletas e estes estraños círculos labrados na rocha, por todas partes. Todos artificiais. Tamén houbera moito traballo de canteiros por aló no seu momento. Un manantial no que bebían os cabalos nacía na parte de abaixo do prado. E seguíamos vendo cazoletas por todas partes, en diferentes pedras. Alzamos os ollos e descubrimos a aldea de Nimo alí abaixo. E, ao carón de nós e da aldea, moi preto, un castro, tamén observando o grandioso espectáculo do sol que morre na ría”.

A riqueza paisaxística, ambiental e patrimonial da entorna é espectacular. A empresa promotora obvia todo o patrimonio cultural que o arqueólogo e historiador Manuel Gago describe e que se pode ver nos seguintes enlaces:

<http://www.manuelgago.org/blog/2009/05/24/castelo-de-nimo/>

<http://maps.google.es/maps/ms?ie=UTF8&hl=es&oe=UTF8&num=200&start=198&msa=0&msid=116032577529155518220.00000111d78e2747569d4&ll=42.835035,-8.821421&spn=0.017592,0.04549&t=h&z=15>

<http://patrimoniogalego.net/index.php/7293/2011/10/castelo-de-nimo/>

<http://patrimoniogalego.net/index.php/88066/2016/08/devesa-de-nimo/>

<http://blogueiros.axena.org/2011/02/07/ruta-de-la-devesa-de-nimo/>

Pero é que a afección patrimonial tamén se estende ao Castro de Nimio e ao antigo mosteiro de Corentia (Corenza). Todo elo non avaliado ou obviado pola mercantil promotora, que en todo momento trata de minimizar, anular ou omitir os impactos.

Cómpre ter en conta que os aeroxeradores ubicados no Alto da Costa de Ballo, a escasos metros do Monte Castelo e de Vilardante e Vilafabeiro, na Pena do Ferro preto do núcleo O Sabugueiro e do núcleo de Nimo van a estar particularmente afectados. Xa non só polas afeccións típicas derivadas da contaminación acústica e electromagnética ou o efecto parpadeo ou sombra. Hai que matizar outros impactos significativos como é a afección paisaxística, cultural e patrimonial pero tamén o impacto sobre os recursos hídricos: os aeroxeradores prevén a súa localización nas nascencias das vertendes dos ríos, das fontes e dos cauces que alimentan os vales fluviais onde se asentán os núcleos de poboación. Así temos o rego do Souto e o rego de Quarenza, tributarios da canle do Tambre e dos humidais e brañas que rodean a esta canle, de elevado valor ambiental e ecosistémico. Pero hai outros núcleos de poboación moi afectados como Bargo, O Madeiro, San Xusto, Liñaio, O Mato, Pastoriza, O Castro, Cornanda, Pastoriza, O Castro, Roo, A Cabanela, Moldes...

Outro aeroxerador localizárase no Alto do Queixal con afección ao núcleo Busto de Frades. Outro aeroxerador iría no Couto Tras da Pena con afección á parroquia de Cornanda e ao seu val. Outro na Pedra das Lamas e outro no Travadoiro. Nestas altitudes nacen multitude de regatos que tributan na canle do Tambre. Afección á Fonte da Graña e á Fonte María, ao rego Navallón e ao rego dos Pasares. O aeroxerador número 5 afecta de forma severa á Lagoa e á Lagoa de Bargo e a Correchán da Lagoa, Os Lagos e o rego da Cabaneta, á Fonte da Castiñeira e á Fonte do Espiño, con especial afección ao núcleo de Moldes. Fonte da Freixosa, rego da Freixosa. Núcleo de Pazos, Caraveles, A Cabanela e ao rego da Cabaneta, afección severa e prexuízos irreparables para ás Brañas de Gronzo e a unha manceha de regos innominados que regan varios vales fluviais. Ademais do río Sar existe unha

afección significativa ao rego Ameneira, rego dos Pasos ou Rioamonte, rego Luceiro, rego de Roxos, rego de Navallón, Fonte do Espiño, rego dos Muíños, rego de Viceso ou Naveira, varios regos innominados, rego dos Chavielos, varios regos innominados do rego dos Chavielos, rego do Pego e os seus afluentes tributarios, rego Ameneira ou rego de Brans... etc.

O estudo hidrolóxico da empresa promotora é moi deficiente e non existe un estudo hidroxeolóxico que garanta a non afección aos acuíferos e á calidade das masas de auga tanto soterradas como superficiais.



Castelo de Luaña e a Devesa de Nimio

No libro Luaña: mitos, costumes e crencias dunha parroquia galega, Andrés Suárez contaba como no interior da Devesa de Nimo estaban agochadas dúas cousas:

Dentro da dita fraga áchanse as ruínas de dúas igrexas ou capelas medievais, ou cecáis máis antigas: San Martiño de Cuarenza e a de San Marcos de Ortigueira.

☞ **Prexuízos significativos e irreparables no caso da Liña de evacuación:**

A infraestrutura de evacuación será aérea na súa totalidade, e comeza na SET Huracán na Lagoa, no municipio de Brión. Continua preto de Moldes, cruzando o rego dos Muíños, e despois pasando preto da aldea de Vioxo de Abaixo, A Lomba (Rois), Monte de Pedrouzo (Brión), Coto de Montouto, Brans de Arriba (Brión), Covas (Ames), Monte dá costa (Ames), e en Santiago: Roxos, Pardiñas de Arriba, e O Casal.

A liña de evacuación afecta significativamente cauxa prexuízos irreversibles á AEIP “Torres de Altamira”, declaradas BIC, a aproximadamente 450 m ao norte dos apoios 30, 31 e 32, de 28,8 m de altura e á AEIP “Muíños do Viceso”.

O espazo Rede Natura 2000 está localizado dentro dá poligonal do parque e á beira dos aeroxeradores causando evidentes prexuízos irreversibles aos valores ambientais e ecosistémigos e á coherencia dá Rede Natura é ou “Sistema Fluvial Ulla-Deza”, ao igual que afectaría de xeito irreversible aos núcleos urbanos de certa entidade, como son Ortoño e Bugadillo pertencentes a Ames, e Os Ánxeles (Brión) e aos núcleos de Silvouta (213 habitantes), Pardiñas (149 hab), Paredes de Laraño (156 hab), Fraiz (170 hab), Vidán (157 hab), así como a núcleos maiores como é o caso de Covas (990 hab), Aldea Nova (889) ou Brión (1.318 hab).

A empresa obvia os núcleos de escasa entidade ou pouca poboación e as casas illadas. Non ten en conta que existen familias afectadas que viven e residen nestes núcleos e que a actividade forestal, madeireira e agro –gandeira constitúen o seu medio de vida.

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental indica literalmente:

“Disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico.

1. En tanto non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento eólico as áreas de reserva e áreas de investigación, así como a franxa paralela a estas, previstas no Plan sectorial eólico de Galicia vixente.

2. En caso das áreas de desenvolvemento eólico en que se produza superposición coa Rede Natura, a zona de superposición que afecte a aquela non se considerará apta para implantar novos parques eólicos, excepto proxectos de modificación de parques eólicos nos termos indicados no artigo 32 da presente lei. Esta limitación farase extensiva á totalidade das instalacións do parque eólico contempladas na poligonal establecida no seu proxecto de execución”.



Vulneración normativa:

- **Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

Artigo 46. Medidas de conservación da Rede Natura 2000.

1. Respecto das ZEC e as ZEPA, a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, fixarán as medidas de conservación necesarias, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presentes en tales áreas, que implicarán:

a) Adecuados plans ou instrumentos de xestión, específicos dos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento que inclúan, polo menos, os obxectivos de conservación do lugar e as medidas apropiadas para manter os espazos nun estado de conservación favorable. Estes plans deberán ter en especial consideración as necesidades daqueles municipios incluídos na súa

totalidade ou nunha gran porcentaxe do seu territorio nestes lugares, ou con limitacións singulares específicas ligadas á xestión do lugar.

b) Apropriadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais.

2. Igualmente, as Administracións competentes tomarán as medidas apropiadas, en especial nos devanditos plans ou instrumentos de xestión, para evitar nos espazos da Rede Natura 2000 a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats das especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación destas áreas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente lei.

3. Os órganos competentes, no marco dos procedementos previstos na lexislación de avaliación ambiental, deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a deterioración, a contaminación e a fragmentación dos hábitats e as perturbacións que afecten as especies fóra da Rede Natura 2000, na medida que estes fenómenos teñan un efecto significativo sobre o estado de conservación dos devanditos hábitats e especies.

4. Calquera plan, programa ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos citados espazos, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, que se realizará de acordo coas normas que sexan de aplicación, de acordo co establecido na lexislación básica estatal e nas normas adicionais de protección ditas polas comunidades autónomas, tendo en cuenta os obxectivos de conservación do devandito espazo. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no espazo e supeditado ao disposto no apartado 5, os órganos competentes para aprobar ou autorizar os plans, programas ou proxectos só poderán manifestar a súa conformidade cos mesmos tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do espazo en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública. Os criterios para a determinación da existencia de prexuízo á integridade do espazo serán fixados mediante orde do Ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, oída a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

5. Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, debese realizarse un plan, programa ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, as Administracións públicas competentes tomarán cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global de Natura 2000 quede protexida.

A concorrencia de razóns imperiosas de interese público de primeira orde só poderá declararse para cada suposto concreto:

a) Mediante unha lei.

b) Mediante acordo do Consello de Ministros, cando se trate de plans, programas ou proxectos que deban ser aprobados ou autorizados pola Administración Xeral do Estado, ou do órgano de Goberno da comunidade autónoma. Devandito acordo deberá ser motivado e público.

A adopción das medidas compensatorias levará a cabo, no seu caso, durante o procedemento de avaliación ambiental de plans e programas e de avaliación de impacto ambiental de proxectos, de acordo co disposto na normativa aplicable. Ditas medidas aplicaranse na fase de planificación e execución que determine a avaliación ambiental.

As medidas compensatorias adoptadas serán remitidas, polo leito correspondente, á Comisión Europea.

6. No caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritaria, sinalados como tales nos anexos I e II, unicamente poderanse alegar as seguintes consideracións:

a) As relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública.

b) As relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente.

c) Outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, previa consulta á Comisión Europea.

7. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción, unicamente poderase

levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no apartado 5, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

8. Desde o momento en que o lugar figure na lista de LIC aprobada pola Comisión Europea, este quedará sometido ao disposto nos apartados 4, 5 e 6 deste artigo.

9. Desde o momento da declaración dunha ZEPA, esta quedará sometida ao disposto nos apartados 4 e 5 deste artigo.

- **LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.**

Artigo 27. Paisaxe protexida

1. As paisaxes protexidas son espazos que, polos seus valores naturais, estéticos e culturais e de acordo co Convenio da paisaxe do Consello de Europa, sexan merecedores dunha protección especial.

2. Nas paisaxes protexidas procurarase o mantemento das prácticas tradicionais que contribúan á preservación dos seus valores e recursos naturais e mais á conservación das relacións e dos procesos, tanto naturais coma socioeconómicos, que contribuíron á súa formación e fan posible o seu mantemento.

Afeccións irreversibles á Rede Natura 2000:

Esteiro do Tambre

Código ZEC

ES1110011

Rexión

Atlántica.

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

Concellos

Brión, Negreira, Noia, Outes, Porto do Son.

Superficie

1.582 ha.

Situación

Ao fondo da ría de Muros e Noia, internándose curso arriba polo tramo baixo do río Tambre. Localidades de referencia: Noia, Serra de Outes, Ponte Nafonso.

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Esteiro do Tambre” de 1.581 ha.

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150 β	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1320	Pasteiros de <i>Spartina</i> (<i>Spartinion maritimi</i>)
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocornetea fruticosae</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130 β	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2190	Depresións intradunales húmidas
2230	Dunas con céspedes do <i>Malcolmietalia</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020 β	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
5230 β	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilosimosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8330	Furnas mariñas
9180 β	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0 β	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Alosa alosa</i>
	<i>Euphydrys aurinia</i>	<i>Alosa fallax</i>
	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>

	<i>Lucanus cervus</i>	<i>Petromyzon marinus</i>
	<i>Macromia splendens</i>	<i>Salmo salar</i>
	<i>Margaritifera margaritifera</i>	
	<i>Oxygastra curtisii</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

Sistema fluvial Ulla - Deza

Código ZEC

ES1140001

Rexión

Atlántica

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

Concellos

Catoira, A Estrada, Pontecesures, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Boqueixón, Dodro, Padrón, Rianxo, Teo, Touro, Vedra, Brión, Rois e Ames.

Superficie

1.633 ha.

Situación

O espazo natural sitúase no límite entre as provincias da Coruña e Pontevedra,

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Sistema fluvial Ulla – Deza", de 1.633 ha.

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda

1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1320	Pasteiros de <i>Spartina</i> (<i>Spartinion maritimi</i>)
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocornetea fruticosae</i>)
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de <i>Chenopodion rubri</i> p.p. e de <i>Bidention</i> p.p.
4030	Queirogais secos europeos
5230 β	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo-limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
9180 β	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0 β	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9330	Sobreirais

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Cerambyx cerdo</i>	<i>Alosa alosa</i>
	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Petromyzon marinus</i>
	<i>Euphydryas aurinia</i>	<i>Rutilus arcasii</i>
	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Salmo salar</i>
	<i>Lucanus cervus</i>	
	<i>Macromia splendens</i>	
	<i>Margaritifera margaritifera</i>	
	<i>Oxygastra curtisii</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Myotis bechsteinii</i>
	<i>Myotis emarginatus</i>
	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

☞ **Fragmentación do territorio, fragmentación de hábitats e perda de biodiversidade. Incremento do Feísmo Paisaxístico co conseguinte prexuízo significativo e irreparable para o benestar da poboación e as familias que viven e residen nos núcleos afectados e o turismo:**

A acumulación de infraestruturas eólicas no mesmo ámbito xeográfico transforma radicalmente a paisaxe e os usos tradicionais vencellados ao sector primario e servizos turísticos e da hostalería para a súa transformación nunha paisaxe industrializada e unha entorna inhóspita e sen atractivo algún. Cómpre ter en conta que cidades como Santiago de Compostela, Brión, Noia...etc viven do turismo e da hostalería vencelladas a unhas paisaxes atractivas e onde se combinan os mosaicos agrarios e forestais tradicionais coas brañas, lagoas, cursos de auga, o litoral atlántico...etc.

PES Outes En trámite

PE Outes En trámite

PE Oleirón En funcionamento

PE Corzán Modificado En funcionamento

PE Banzas En trámite

PE Banzas En trámite

PE Pedregal - Tremouzo En funcionamento

PE Vaqueira En trámite

PE Maragouto En trámite

PE Maragouto En trámite

PE Vilacoba Nueva solicitud

PE Monte Treito En funcionamento

Outras liñas de alta tensión na entorna:

L.E.220DC LOUSAME-MAZARICOS Brión

L.E.220kV SC SCM-TAM Ames

L.E.220kV SCM-TAM Ames

L.E.220kV SCM-MESON DO VENTO Ames

L.E. A 20 kV Brión

L.E. A 20 kV Ames

L.E. A 20 kV Santiago de Compostela

☞ **Afección a Miradoiros e puntos de interese paisaxístico. A empresa promotora non avalía a superficie afectada por toda a poligonal.**

Alto de Paradela
Santa Mariña
Oleirón
Monte Culou

Miradoiro de A Muralla

Monte de San Lois
 Monte Tremuzo
 Monte Iroite
 Pico San Marcos
 Monte da Grela
 Outeiro da Meda
 Miradoiro do Pino Manso
 Miradoiro de Lestrove
 Monte Castro
 Pico do Castelo Grande

Afección severa e irreversible ao patrimonio cultural. Descontextualización e perda da identidade cultural.

- > GA15002054, Petróglifo dous Batáns
- > GA15002060, Petróglifo dá Pedra Estivada
- > GA15013004, Mámoa de Rañalonga 1
- > GA15013007, Mámoa de Rañalonga 2
- > GA15013009, Mámoa de Rañalonga 4
- > GA15013012, Mámoa de Rañalonga 12
- > GA15078012, Mámoa do Monte de Vilastrexe
- > GA15078092, Petróglifo de Monte Aberto - Monte dá Silvouta
- > GA15078102, Xacemento dá Silvouta
- > GA15078149, Petróglifo A Requenlla
- > GA15078171, Petróglifo do Monte Aberto - Monte dá Silvouta – VI
- > BE15, Pazo de Trasouteiro
- > BE17, Casa Miraval
- > BI2, Rexistro dá Auga
- > D-042, Conxunto de Pardiñas de Arriba
- > D-043, Leira en casa do Monte
- > D-046, Dúas casas en Coira
- > D-112, Muíño de Pardiñas de Abaixo
- > D-113, Muíño dá Silvouta
- > D-174, Conxunto en Pardiñas
- > F-003, Peto de ánimas

> E-14, Cruceiro A Cora

Tres elementos patrimoniais, en concreto o Petróglifo dous Batáns (GA15002054), o Muíño dá Silvouta (D-113) e o Conxunto de hórreos e lavadoiro en Coira (E-04) áchanse a menos de 50 m dalgún elemento de obra. Dentro da afección da liña hai outros 82 bens patrimoniais (30 xacementos arqueolóxicos, 1 referencia arqueolóxica, 10 bens arquitectónicos, 5 aldeas no Concello de Brión, 35 elementos etnográficos e un tramo do Camiño de Santiago), co cal a afección ao patrimonio cultural é moi significativa e irreversible ao supor a súa descontextualización.

Resaltar a particular afección a 2 Bens de Interese Cultural (BIC), o Mosteiro de San Xusto de Toxosoutos (Lousame), declarado BIC en 2004 coa categoría de Monumentos, e as Torres de Altamira (Brión) declaradas BIC en 1994 en categoría de Monumento e tamén a especial afección a:

DENOMINACIÓN	MUNICIPIO	PARROQUIA /LUGAR
Cruceiro de Busto de Frades	Brión	Busto de Frades
Cruceiro de Toxosoutos	Lousame	San Xusto de Toxosoutos
San Xusto de Toxosoutos	Lousame	San Xusto de Toxosoutos
Pesquerías do Tambre (Central Hidroeléctrica del Tambre)	Noia	Roo
Cruceiro de Vilariño	Lousame	Vilariño
Sampaio	Noia	
Muíño-Lavadoiro de Mirón	Lousame	
Cruceiro de Viceso	Brión	Viceso

Fábrica de Fontán
Ponte de Vilacoba
Ponte Nafonso
Muíño-Lavadoiro de Mirón
Lousame
Ponte Nafonso
Noia

Lousame O Castro
Lousame Vilacoba
Noia
Lousame

Noia

***Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...**

***A promotora obvia a importancia micolóxica da área de afección do proxecto.**

***A promotora obvia a importancia económica da produción de castaña en réxime ecolóxico polo que respecta á afección aos soutos.**

Afección severa ás masas de auga soterradas, acuíferos e captacións de auga para consumo humano e as explotacións agro –gandeiras da poligonal do parque:

Non avaliado pola promotora.

VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España 16 baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego. Así os apoios da liña de evacuación, a maioría deles, prevense localizalos sobre explotacións forestais e madeiras. Os apoios localízanse sobre vexetación que se corresponde con explotacións forestais e madeiras formando un mosaico con cultivos forraxeiros que abastecen ás granxas familiares que hai nos núcleos rurais afectados, e que constitúen o medio de vida das familias que viven e residen neles.

AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEREIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

Prexuízos significativos e irreparables para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego ou ancient wood:
****Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.**

“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. **2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.**

Cómpre ter en conta que a liña de evacuación conta con 71 apoios e unha lonxitude considerable. A afección á vexetación de ribeira dos cauces afectados é unha afección permanente en tanto que elimina vexetación e hábitats prioritarios.

Nunha época de seca e cambio climático acelerado como o actual non debera existir ningunha incidencia sobre ningún cauce nin sobre a vexetación de ribeira.

☞ **Prexuízos significativos e incompatibles co mantemento dos hábitats prioritarios e de interese comunitario nun estado de conservación favorable:**

☞ **Afección severa e prexuízos significativos e irreversibles para a bosque de ribeira (hábitat prioritario).**

Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser por tanto nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.

Cómpre salientar que os hábitats prioritarios 4020* Brezais húmedos atlánticos de Erica ciliaris, 7110 * Turbeiras altas activas, 91E0 * Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno- Padion, Alnion incanae, Salicion albae) veranse afectados significativamente e de xeito irreversible pola estación eólica e a súa infraestrutura de evacuación

☞ **Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se siguen os criterios dos expertos que indican:

“• Recoméndase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido. • É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifiquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

☞ **PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL: sin avaliar**

☞ **Prexuízos significativos e irreversibles para os chans e o medio ambiente:**

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e

superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación dos eólicos proxectados do parque eólico Huracán alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as cimentacións eólicas, diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

A Lei do chan de Galicia aposta na súa exposición de motivos pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda. Así o indica literalmente:

“A Lei do chan aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda”.

O artigo 31 da citada lei referido a “Concepto e categorías” establece:

“1. Terán a condición de chan rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.

Así, o artigo 34 da Lei 2/2006 do chan de Galicia indica respecto ao “Chan rústico de especial protección” que:

“4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”, pero entendendo en base ao indicado na exposición de motivos da lei, que no caso de non poder complementarse prevalecerá aquel que máis protexa o chan rústico e en ningún caso, aquel que poida alterar de forma irreversible a funcionalidade deste como é o caso das infraestruturas eólicas proxectadas.

De feito, o artigo 35.2 indica que: “Os restantes usos en chan rústico son usos prohibidos”, sobre todo aqueles que alteren de forma irreversible a súa funcionalidade, como é o caso das remocións de terra descritas no proxecto eólico Huracán.

Conclusión:

O parque eólico Huracán proxectado é incompatible cos usos e a fertilidade actual dos chans. As cimentacións do parque xunto coa remoción de toneladas de terra previstas para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que, a perda da cuberta vexetal e dos humidais converte aos chans nun recurso natural non renovable e finito perdendo a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible.

4.- ANÁLISE DOS PLANEAMENTOS URBANÍSTICOS MUNICIPAIS DOS MUNICIPIOS AFECTADOS POLO PARQUE EÓLICO HURACÁN

A mercantil promotora propón a modificación de cualificación urbanística e regulación detallada do uso pormenorizado para recalificalo como chan rústico de especial protección de infraestruturas.

De acordo co previsto no Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección (que neste caso non é o chan de infraestruturas).

Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o proxecto eólico HURACÁN é incompatible. A promotora pretende unha recalificación urbanística non amparada legalmente en relación ao chan rústico de protección forestal, chan rústico de protección de cauces, o chan rústico de protección paisaxística e o chan rústico de protección de espazos naturais.

“Artigo 34.4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”.

Ao anterior hai que engadir a prevalencia da protección ambiental do **Artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia”.

A maior abundamento **hai que contar coa protección ambiental reforzada dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.** Hai hábitats prioritarios e hábitats de interese comunitario pero ambos os dous tipos gozan da protección do artigo 2 desta directiva, isto é:

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.

Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser, por tanto, nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.

4.- A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Furacán de 56 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña, e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social. O proxecto eólico e a súa infraestrutura de evacuación afecta a numerosos núcleos de poboación dispersos polo territorio e a afección é directa para as familias que viven e residen neses núcleos rurais afectándolles ao seu medio de vida, a súa economía (explotacións agro – gandeiras, madeiras e forestais) e sobre todo afectándolles ao seu benestar individual de cada ser humano e ao benestar colectivo das familias. A afección a este benestar individual e colectivo foi obviado pola mercantil promotora. O proxecto obvia ademais información esencial para unha correcta avaliación dos impactos do parque na zona (explotacións madeiras, e o Camiño

de Santiago pola Ría de Muros-Noia, entre outros). Estas omisións fundamentais invalidan o documento ambiental, en tanto en canto, prescinden total e absolutamente do procedemento establecido ao efecto na normativa vixente..

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PARQUE EÓLICO HURACÁN (CÓDIGO DE PROXECTO: PEOL-349) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENAIAS), ASÍ COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia non recolle ningún humidal. Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono.

4.- Téñase en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental e que está desfasado, caduco e obsoleto e que carece de avaliación ambiental estratéxica. Ademais, nunca chegou a publicarse integramente o seu texto e as correspondentes modificacións do mesmo no Diario Oficial de Galicia vulnerándose o artigo 9.3 da Constitución española (principio de publicidade das normas e principio de seguridade xurídica). Por outra banda, o parque eólico HURACÁN tampouco se integra na planificación sectorial galega e vulnera de maneira flagrante a protección da Rede Natura 2000.

5.- Teñan en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.

6.- Que por parte do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, se informe sobre a compatibilidade do proxecto da estación eólica HURACÁN cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección.

7.- Que por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico HURACÁN, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

8.- Información sobre das axudas públicas e contías recibidas pola empresa promotora Greenalia Wind Power Huracán S.L., tanto do Estado español como do Banco Europeo de Inversións ou calquera outra Administración pública para o desenvolvemento do parque eólico Huracán.

9.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluído o goberno de España, ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios

aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo ao parque eólico Huracán e a súa infraestrutura de evacuación. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interés dunha empresa as paisaxes agrarias, forestais e culturais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Lousame, 4 de setembro de 2021

Asdo.- _____